ESTRA

a voz do pobo

¡proletarios de todo-los paises unídevos!

órgao do partido comunista de galicia

Año VIII. Nùm.16 5 decembre 1976 10 pts.

diante dun referendum sin libertades

ASTENCION



chamamento do PCG ó pobo galego

Asterse no Referendum é a posición que xa tomaron os órgaos unitarios e as forzas da oposición democrática, tanto do conxunto do Estado coma da nacionalidade galega. Esta é a posición que o PCG adoutóu dende o primeiro intre e coida que deben adoutar todos os traballadores e pobo galego.

Por medio do Referendum o Goberno Suárez propón a retificación da súa Lei de Reforma Política, aprobada xa polas Cortes. Pra que ese Referendum seña válido deben darse ó menos as seguintes condiciós mínimas:

A plena libertade de aituación dos partidos políticos, sin esclusión alguha; a libertade dos partidos pra organizar mítines e toda clase de propaganda política; a presencia e participación equitativa das diferentes forzas nas emisiós da Radio e da TV pra espoñer ó pobo as súas posiciós políticas; e parti-

¿TI QUE OPINAS, BREO ?



cipación tamén de todos os partidos no control da emisión dos votos e dos resultados da votación.

Mais coma eses condiciós non se dan, a eititude que debe adoutar todo traballador, ciudadán, home ou muller da nosa terra, que se precie de querer as libertades, a democracia, a autonomía de Galicia, é a aste[illegible].

Chamamos pois, a todos os traballadores e o pobo galego a asterse de votar no Referendum.

O Goberno encetóu unha campaña triunfalista con todos os medios de comunicación de masas de que dispón, -que corresponden ó pobo, ó erario público-, especialmente pola Radio e pola TV. Pero, si non hei libertades pros partidos, os resultados numéricos do Referendum non terán validez: nin diante da opinión dos pobos de España, nin diante da Europa Comunitaria, nin no escenario internacional.

Así compréndese polas redaciós dos máis importantes periódicos españoles cando, como nos casos de do "Diario 16" e de "El País" respeitivamente, se dí: "O el referendum del día 15 de diciembre se concibe de un modo distinto, plenamente democrático, o la Reforma se irá al garete". "Referendum: así, no... Si el referendum no es diáfano en su realización dará lo mismo que lo gane el Gobierno: habrán perdido la Corona y el país entero... Y no puede haber una reforma democrática aprobada con métodos autoritarios".

Incluso o Sr. Gil Robles ten que decir: "Tenemos las sospechas de que se prepara una irregularidad".

Máis que unha sinxela irregularidade o que fai ó Referendum inaceitabel pra oposición democrática, e pra o conxunto da ciudadanía, é a falla de libertades políticas pros partidos e organizaciós sindicás, a falla efeitiva de libertá.

Esta realidade e vista tamén pola Eirexa. A Comisión Episcopal do Apostolado Social apuntóu por iso cara á idea da astención. E o Pleno da Conferencia Episcopal ven de declarar: "En la campaña previa al mismo, las distintas opciones y actitudes deben poder expresarse, incluso a través de los medios de comunicación social, en medida equitativa y suficiente de modo que todos los ciudadanos puedan elaborar un juicio bien informado.

El acto de la votación ha de estar provisto de tales garantías, en su celebración, vigilancia y escrutinio. Que queden aseguradas de antemano, ante los convocados a las urnas, la verdad y la libertad de este acontecimiento político".

Pero esas garantías pra que resplandeza a verdá e a libertá son as que non eisisten en ausoluto. Por contra , prodúcense arreo brutales medidas represivas contra dos traballadores e demáis ciudadáns, detenciós arbitrarias de militantes comunistas e outros demócrátas, prohibiciós ou suspensiós de aitos públicos de caraiter democrático. Téntase crear un clima de temor e intimidación que é todo o contrario do que se precisa para unha consulta libre e soberán da vontade popular. O mesmo tempo bandas fascistas e os Guerrilleros de Cristo Rey cometen toda clase de violencia sin que o poder lle poña coto.

Cara ó Referendum poden tomarse legal, xurídica e políticamente posiciós diferentes e contrarias: votar non, votar si, votar en blanco ou asterse.

VOTAR NON é votar cos "ultras" do franquismo, i eso non o poder facer quen non queira que siga un réximen de ditadura que xa nos dominóu e nos aldraxóu perante 40 anos.

VOTAR SI non procede porque e votar a favor da reforma Suárez nas condiciós devanditas (sin libertades pros partidos e demáis forzas políticas democráticas) Este voto positivo somentes tería xustificación si o Goberno fixera efeitivas as condiciós mínimas -libertades pra todos os partidos, etc.- enriba espostas. Pero esas condiciós non eisisten.

VOTAR EN BLANCO, é unha forma de voto que tamén hai que rexeitar porque o feito de achegarse ás urnas dálle ó Goberno a posibilidade de facer ver que o pobo votóu.

ASTERSE DE VOTAR é pois, unha posición lícita, diña e democrática. A única que, suraiámolo, adequerindo un amplo consenso popular e ciudadán, pode facer que o Goberno negocie coa oposición democrática e ter unha repercusión decisiva en favor das libertades, da democracia.


Pra nós, como galegos, a astención ten ademáis unha doble razón de fondo:


A reforma Suárez non ten en conta a necesidá de Autonomía pra Galicia i ésta é unha reivindicación democrática e nacional que os galegos temos que manter deica que a logremos pola nosa loita e coa axuda e solidaridá das demáis forzas obreiras e democráticas do conxunto do Estado.

Na xuntanza da chamada "cumbre autoconvocada", que tivo lugar o sábado día 27 en Madrí, ditas forzas proclamaron coma unha condición, entre outras, pra que tanto o Referendum como as eleciós xenerales teñan lexitimidade democrática: "Reconocimiento de la necesidad de institucionalizar po[illegible] los países [illegible]rantes [illegible], y que [illegible]ntrol de [illegible]rales [illegible]ón a [illegible] sus ámbitos territoriales".

Esa toma de posición pode e debe se un apoio ós pobos que coma o noso, no vieiro de facer posible o seu anceio de lograr o dereito da Autodeterminación, necesita institución políticas propias como as que ofrece a Autonomía.

O PCG quere deixar claro pra todos os camaradas





os traballadores e o pobo galego en xeneral, quen non é astencionista por principio. Polo contrario, levamos 40 anos loitando por participar e facer que o pobo galego participe en eleccións libres; que o pobo recobre o seu dereito de soberanía. Mais, no caso do Referendum a astención, e o esforzo pra que ésta acade o máis outo nível, é unha nova forma de loita pra que o dereito se [illegible] escoller [illegible] gobernantes, sexa efeitivo.

Por iso chamamos a atención de todos os nosos cuadros e militantes encol da necesidade de abordar coa decisión que o momento impón esta nova faceta do traballo do Partido. É preciso esforzarse por chegar coa nosa propaganda e co contaito direuto e persoal, en diálogo "de porta a porta" a todas as vilas, pobos e currunchos da nosa terra. Estamos ante a gran tarefa de espallar, xunto con todas as forzas democráticas, a idea da astención. Con esta labouro debemos atraer tamén novos miles de militantes ás ringleiras do Partido Comunista de Galicia.

¡DIANTE DUN REFERENDUM SIN LIBERTADES, ASTENCION!

O COMITE EXECUTIVO DO PCG

